

A recente morte da actriz italosueca Anita Ekberg pecha dalgún modo a representación que dunha certa época fixo Federico Fellini coa súa película *La dolce vita*. Máis de medio século despois da súa realización, aquel retrato que protagonizaban uns personaxes de vida disipada resulta moeda corrente en moitas sociedades e non só nos sectores decadentes de Occidente.

Na súa película, Fellini sitúa a Marcello Rubini (Marcello Mastroianni), un xornalista de sociedade sen ningunha vontade de compromiso persoal, instalado nun relativismo vital que non deixa de ser unha fuxida cara a adiante desde a súa soidade permanente. No mundo que frecuenta (eses aristócratas carentes de calquera moralidade e esoutras persoas do mundo do cine, que non atopan máis consolo que o alcol e o libertinaxe), apenas hai vontade de alterar unha sociedade emerxente, a dos máis dos cidadáns que, como poden, procuran un futuro.

Nesa vórtice que transcorre na noite, aparece unha criatura que, malia a súa frivolidade, representa a pureza e máis a espontaneidade: Silvia (Anita Ekberg), inmortalizada no seu baño na Fontana di Trevi mentres, bébeda, chama a Marcello. Fronte a esa tropa de vida epidérmica, Fellini situaba a un modélico pai de familia (Steiner) que incapaz de aturar o mundo que o rodea, opta pola autodestrucción.

Non son casuais as citas e as aparicións dunha sociedade esgotada. Desde un mundo relixioso que aínda é capaz de transportar unha imaxe polo aire ou de celebrar unha misa privada na capela dunha princesa calabresa de orixe española, a uns falsos milagres retransmitidos en directo



Carolina de Mónaco nunha fotografía de 1983.



Marcello Mastroianni e Anita Ekberg en *La dolce vita* (1960).

Aquela vida doce

Retratos da superficialidade social

JOAQUIM VENTURA

A frivolidade ten as súas xeografías. Fellini tivo que situar en Roma a súa historia, imposible –naqueles anos e agora– en cidades como Milán, Turín ou Nápoles. Esa vida doce dos rendistas, parasitos e libertinos precisa masa crítica dabondo, medio ambiente –cabería dicir– axeitado e público suficiente para amortizar o gasto. Non é casualidade que un dos grupos retratados en *La dolce vita* sexa de aristócratas. De sempre, estes tiveron residencia onde estaba a corte, para veren e seren vistos.

Por iso hai cidades –e maneiras de ser– ausentes da prensa do corazón. Se temos que situar un escenario para esta en España, podemos limitarnos ao eixo Madrid–Se-

Xeografías da frivolidade

villa, con dúas extensións ao sur (Xerez e Costa do Sol) e ao leste (Balears), en tanto que zonas de turismo dos seus protagonistas. Por

qué será que outras zonas, con igual ou maior riqueza, están ausentes dese tipo de prensa? Como Cataluña (Barcelona, Costa Brava) ou Valencia (apenas aparece algunha praia alacantina), por non falar de Bilbao ou Donostia ou de Vigo ou A Coruña, malia Amancio Ortega. Ou tal vez, precisamente por iso. Porque sucede que os protagonistas do papel couché apenas traballan. De maneira produtiva, entendámonos. O seu papel é figurar e vivir do “mimo”, sexa de herdanzas familiares, sexa da cobiza dos medios.

de as diversas revistas do corazón aos programas que en prime time ofertan as televisións. Mais a diferenza de aqueles xornalistas gráficos que, como paparazzi, perseguían a foto furtiva, hoxe hai un mercado de exclusivas e de fotos “roubadas” a unhas vítimas expostas moitas veces á mantenta.

No fondo, estase a producir o eterno conto de fadas e de princesas,

confortante maneira de consumir certo tipo de prensa por parte dunhas mulleres que están a anos luz dese luxo de rañas sen trono, duques de títulos baleiros, misses de calquera país, noivados e matrimonios efémeros, divorcios con cornos e sen cornos, pero sempre con indemnizacións suculentas, actores e actrices de películas esquecidas e esquecibles.

Como espectadores e como cidadáns, o mínimo que podemos esixir aos protagonistas do papel couché é glamour e máis elegancia. Suponse que a aristocracia e a alta burguesía, cando bautizan ou casan os seus fillos, cando enterran os seus mortos ou cando mostran os seus palacetes, teñen que amosar un plus que deixe en evidencia a educación que recibiron desde o berce: máxima corrección coa mínima ostentación. Circunstancias que aínda poden mostrar italianos, franceses ou británicos, pero que no sempre atopamos nesa alta sociedade que entre nós aínda é

herdeira, por cómplice, de séculos de poder absolutista, con reis ou con ditadura. Uns persoeiros que levan no seu ADN a España cañí de charanga e pandeireta, que non sempre conservaron o amor pola cultura dos seus devanceiros e que apenas amosaron a máis mínima sensibilidade cara aos seus paisanos. Unha excepción a lembrar: Luisa Isabel Álvarez de Toledo e Maura, XXI duquesa de Medina Sidonia.

Precisamente, a vulgarización dunha parte da aristocracia fixo posible que moitos plebeos, sen máis mérito que un matrimonio de interese e un divorcio a tempo aínda máis oportunista, puidesen situarse no mesmo nivel seudo democratizador que concede a prensa rosa. E por riba, gañarse alcumes como ese de “princesa do pobo”.